



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Literatura Inglesa (XVI-XVII)	Código	613G03021		
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Inglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Gomez Blanco, Carlos Juan	Correo electrónico	carlos.gomez@udc.es		
Profesorado	Gomez Blanco, Carlos Juan	Correo electrónico	carlos.gomez@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Análise da literatura inglesa dos seculos XVI e XVII, desde a época isabelina á Restauración.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A16	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.
A17	Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



- Ter un coñecemento avanzado da literatura angloirlandesa do XVI e XVII.	A1 A2 A6 A9 A10 A11 A16 A17	B1 B2 B3 B5 B8	
- Mellorar a competencia literaria, a capacidade de análise e síntese, e a visión crítica.	A1 A2 A6 A9 A10 A11	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10	C6 C8
- Ser capaz de elaborar ensaios e exponelos oralmente en lingua inglesa.	A1 A2 A6 A10 A16	B4 B5 B7 B8	C2 C6 C8
- Coñecer a historia e a cultura de Gran Bretaña e Irlanda nun periodo de grandes cambios.	A16 A17		C2 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Elementos básicos ou xerais do programa	Do renacemento á Ilustración. Datos históricos (política e a corte, relixión, a creación dun imperio en expansión, a aparición dos partidos políticos, a caída dos Estuardo) e evolución das clases sociais. Individualismo e mercantilismo. O contrato social.
1. Introducción: Sociedade, cultura, política e literatura desde a Idade Media ata o século XVII. 1.1 Periodos isabelino e xacobeo 1.2. A Restauración	
2. Orixe do teatro	Teatro sacro e pagano. Sistema de produción nos miracle plays, etc.
3. Teatro na época de Isabel I e Xaime I. 3.1: sistemas de produción: teatros, compañías, público 3.2. O drama previo a Shakespeare: Kyd e Marlowe 3.3. Shakespeare 3.4. Ben Jonson	Obras de lectura obrigatoria: 3.3 Shakespeare. The Merchant of Venice Twelfth Night. Othello Macbeth 3.4 Ben Jonson. Volpone
4. Teatro da época carolina 4.1. Middleton y Dekker 4.2 Webster	Obra de lectura obrigatoria: 4.2 John Webster. The Duchess of Malfi
5.A Restauración, 1660-1700 5.1 Sistema de produción teatral: escenografía e actrices. 5.2 Ensaio de Dryden 5.3 Os grandes comediógrafos 5.4 Wycherley 5.5. Congreve	Obras de lectura obrigatoria: 5.4 William Wycherley. The Country Wife 5.5 William Congreve. The Way of the World



6. Aspectos básicos da poesía dos séculos XVI e XVII: Shakespeare, Donne, Dryden e Milton	Sonetos, poesía metafísica, neoclasicismo, Paradise Lost. Fotocopias na clase únicamente. Sólo si da tempo.
7. Aspectos básicos da prosa do XVII: Behn e Congreve.	O orixe da novela inglesa: a picaresca e os romances. Fotocopias na clase únicamente. Sólo si da tempo.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A16 A17 B7 B8 C6 C8	21	12	33
Lecturas	A1 A2 A16 A17 B3	0	59	59
Seminario	A7 B1 B6 B7 B8 B9	2	6	8
Proba obxectiva	A1 A2 A6 A7 A9 C2	2	4	6
Análise de fontes documentais	A1 A2 A11 A16 B5 B7 B8 B10 C6 C8	18	2	20
Presentación oral	A1 A6 A9 A10 A11 A16 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C2 C8	5	1	6
Proba de resposta múltiple	A16 A17	1	2	3
Discusión dirixida	A2 A6 A7 B8 C2	2	10	12
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O profesor exporá os contidos teóricos relativos á literatura inglesa dos séculos XVI ao XVII, tendo en conta o contexto sociocultural. O obxectivo é proporcionar coñecementos xerais (datos históricos relevantes, sistema de produción, autores, obras e xéneros literarios máis representativos). Os textos de lectura obrigatoria terán unha presenza parcial nestas sesións, pois o profesor comentará autores (por exemplo, Marlowe, Donne ou Behn) e textos (por exemplo, sonetos de Shakespeare ou o ensaio sobre poesía dramática de Dryden) mediante fotocopias ou proxeccións.
Lecturas	A lectura das fontes primarias é fundamentalmente traballo fora das clases, pois na clase a lectura tornase en comentario de texto realmente.
Seminario	Os seminarios cos grupos medios centraranse no coñecemento da literatura inglesa dos séculos XVI e o XVII, pero os textos de lectura obrigatoria serán o núcleo, e a participación dos alumnos será esencial.
Proba obxectiva	Haberá un exame final oficial escrito obrigatorio (1ª oportunidade) que representará o 50 por cento da nota final e que consistirá na elaboración, perante un tempo determinado, dun ensaio académico ou comentario de texto sobre algunha(s) das oito lecturas, mais unha pregunta breve sobre datos dos seminarios e lección maxistrais. O alumno debe obter unha nota mínima total de 4 sobre 10 (en realidade, 2 sobre 5) para facer media.
Análise de fontes documentais	Comentarios de texto (das fontes primarias obrigatorias) feitos nos grupos pequenos ou medianos.
Presentación oral	Algún alumno (poucos) poderá facer unha presentación oral dun traballo curto durante o curso. O tema será un aspecto moi concreto dun dos 8 textos obrigatorios. Será breve (8-9 minutos) e integrarase con unha discusión dirixida posterior. Esta sí que é unha actividade que o alumno ten que preparar fora da aula.
Proba de resposta múltiple	Durante o curso, en datas prefixadas e comunicadas a través de Moodle, haberá 4 tests de preguntas específicas sobre as lecturas obxecto de estudo, para comprobar e incentivar a lectura continua. Non é unha actividade fora da clase realmente, pois o alumno simplemente ten que ler as fontes e membrar as historias. Un test de 15 minutos cada dúas lecturas obrigatorias. Cada test valdrá 0,5 puntos: dous puntos ou 20% da validación en total.
Discusión dirixida	Se debatirán aspectos das obras do corpus nas clases interactivas. As veces se integrarán cunha exposición oral.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Seminario Presentación oral	Supervisarase ao alumnado nas súas tarefas de comentario de textos ou presentacións, e recomendarase que cada estudante utilice as horas de titorías para afondar en cuestións relativas á materia para a solución de problemas.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A2 A11 A16 B5 B7 B8 B10 C6 C8	Comentarios de textos feitos nas clases. Recorellanse uns poucos durante o curso. 2.5 puntos.	25
Sesión maxistral	A1 A2 A16 A17 B7 B8 C6 C8	Asistencia activa. O alumno/a deberá asistir a un mínimo de 10 sesións para ser calificado con 0.4 p. Follas de firmas. Tamén será necesaria a participación activa nas clases interactivas (asistencia a 18 clases mínimo) para converter 0.4 en 0.5 (vid discusión dirixida).	4
Discusión dirixida	A2 A6 A7 B8 C2	Debate na clase sobre temas concretos ou tras unha presentación oral. Terase en conta a presenza e a participación, e poderán recollese notas tomadas polo alumnado durante o debate de cando en vez.	1
Proba obxectiva	A1 A2 A6 A7 A9 C2	Exame final: ensaio académico e comentario de texto sobre as obras do corpus mais unha pregunta breve sobre datos transmitidos nas leccións maxistras e seminarios, incluídos os datos históricos (50%; é dicir, 5 puntos sobre 10). OBSERVACIÓN: a nota mínima para facer media co resto é de 2 sobre 5 (4 sobre 10)	50
Proba de resposta múltiple	A16 A17	4 tests de lectura das 8 obras obrigatorias. 2 puntos sobre 10 (0.50 por test).	20
Presentación oral	A1 A6 A9 A10 A11 A16 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C2 C8	O alumnado que o desexe preparará e expoñerá un aspecto concreto dos textos do corpus en un tempo máximo de 9-10 minutos. A presentación oral, si é posible, é voluntaria, e se valorará como un comentario de texto máis, de modo que se poda eliminar o comentario/análise coa nota peor.	0
Outros			

Observacións avaliación



Nesta materia valorarase especialmente o coñecemento da historia da literatura inglesa e a capacidade do alumnado para analizar razoadamente, empregando coñecementos teóricos básicos, dous oito textos literarios ingleses do corpus. Analizar non é parafrasear. A nota media final ha de ser igual a 5 para poder aprobar a materia. Os/as alumnos/as deberán obter tamén un mínimo de 2 sobre 5 puntos no exame, e de 2 sobre 5 na avaliación continua. O alumnado que o desexe preparará e expoñerá un aspecto concreto dos textos del corpus en un tempo máximo de 9-10 minutos. A presentación oral, si é posible (moito alumnado e pouco tempo), é voluntaria, e se valorará como un comentario de texto máis, de modo que se poda eliminar o comentario coa nota peor. Os/as alumnos/as que non fagan tests, exposicións orais ou comentarios de texto non terán notas de avaliación continua. É necesario obter 2 puntos e terán que recuperalos na convocatoria de recuperación ou segunda oportunidade, aínda que teñan 5 de 5 puntos no exame de primeira oportunidade, algo que obviamente non é doado. A única lingua empregada en clase, os traballos e os exames será o inglés. As faltas de expresión graves (non de estilo) en lingua inglesa mermarán a nota en calquer actividade. Polo tanto recoméndase ós/ás alumnos/as que se esmeren na redacción e a revisen. Tampouco se permitirán plaxios de fontes escritas ou dixitais nos exames ou traballos. Os alumnos deben adquirir competencia literaria propia en certa medida, aínda que é lóxico, e polo tanto perdoable, que os comentarios e interpretacións do profesor subexistan tras dita competencia. Os ensaios poderán ser filtrados a través de "turnitin". Calquera caso de plaxio ou fraude académico significará un suspenso (0) na materia, tal e como aparece recollido no "Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC":

Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederáse a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario. Cando o/a alumno/a, por circunstancias varias (imposibilidade real polo número de alumnado, enfermidade xustificada, dispensa, etc), non poida facer ou non quera facer a presentación oral, que é opcional, non existe problema ningún. Non afecta á avaliación do resto e pode obter o 100%. Os/as alumnos/as que asistan e participen durante o curso na avaliación continua non poderán ser considerados como non presentados a partir da realización dun 30 % das actividades, aínda que non fagan o exame. Mesmo criterio para Xullo. O alumnado a tempo parcial con dispensa deberá falar co profesor durante as dúas primeiras semanas para buscar alternativas á avaliación continua na primeira oportunidade. Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliado seguindo os criterios aplicables á oportunidade de xullo. O alumnado que se presenta á convocatoria adiantada de decembro avaliarase segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. A avaliación na oportunidade de xullo dividirase do xeito seguinte: 50% exame final + 20 % tests (os suspensos ou non feitos) + 30% actividades que substituirán ao traballo feito durante a avaliación continua e que se especificarán ao publicar as notas da primeira oportunidade. Por exemplo, 4 tests similares ós feitos durante o curso deberán facerse o día do exame. Diversidade: A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, co a Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal). -Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas, entre outras medidas).

-Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Fontes primarias de lectura obrigatoria (orde cronolóxico utilizado nas clases) William Shakespeare. The Merchant of Venice (edición Arden Shakespeare recomendada) Shakespeare. Twelfth Night. (edición Arden Shakespeare recomendada) Shakespeare. Othello (edición Arden Shakespeare recomendada) Shakespeare. Macbeth (edición Arden Shakespeare recomendada) Ben Jonson. Volpone John Webster. The Duchess of Malfi William Wycherley. The Country Wife William Congreve. The Way of the World Consulta (fontes secundarias): --Beadle, Richard, ed. The Cambridge Companion to Medieval English Theatre. Cambridge: Cambridge University Press, 1994. --Braunmuller, A. R. and Michael Hattaway, eds. The Cambridge Companion to English Renaissance Drama. Cambridge: Cambridge University Press, 1997- --Canfield, John Douglas. Tricksters & Estates: On The Ideology of Restoration Comedy. Lexington, Ky. : Univ. Press of Kentucky, 1997. --Demetriou, Eroulla. Get thee to the Playhouse: An Introduction to Elizabethan and Shakespearean Drama for Young Students. Univ. de Jaen, 2009. --Dollimore, Jonathan & Sinfield, A. eds., Political Shakespeare: Essays in Cultural Materialism. Ithaca: Cornell Univ Press, 1994. --Elam, Keir. The Semiotics of Theatre and Drama. Londres: Routledge, 1980. --Fisk, Deborah Payne, ed. The Cambridge Companion to English Restoration Theatre. Cambridge Univ. Press. 2000. --Garber, Marjorie. Shakespeare and Modern Culture. Anchor Books, 2009. --Gay, Penny. The Cambridge Introduction to Shakespeare's Comedies. Cambridge U. P., 2008. --Hughes, Derek. English Drama, 1660-1700. Oxford: Clarendon Press, 1996. --Leggatt, Alexander. English Drama: Shakespeare to the Restoration, 1590-1660. Londres: Longman, 1988. --MacLean, Gerald, ed. Culture and Society in the Stuart Restoration: Literature, Drama, History. Cambridge: Cambridge University Press, 2008. --Owen, Susan J., ed. A Companion to Restoration Drama. Oxford: Blackwell, 2001. Shaughnessy, R. (ed). The Cambridge Companion to Shakespeare and Popular Culture. Cambridge U.P., 2007. --VV.AA. Historia crítica del teatro ingles. Alcoy: Marfil, 1988. --Wallace, David, ed. The Cambridge History of Medieval English Literature. New York: Cambridge UP, 1999. --Waller, Gary. English Poetry of the Sixteenth Century. London and New York: Longman, 1993. --Wells, Stanley & L. Cowen Orlin eds. Shakespeare: An Oxford Guide. Oxford U P., 2003.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Inglesa 1/613G03010

Literatura Inglesa 2/613G03017

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías